

**BASES da II MARATHON FOTOGRÁFICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE
AROUSA - 8 DE MARZO-**

O 8 de marzo, data na que se celebra o Día Internacional da Muller, é unha data na que tradicionalmente dende a Concellería da Muller –CIM vimos convocando e promovendo a realización de actividades de concienciación e sensibilización no eido da igualdade de xénero.

Neste ano 2010, en dita convocatoria pretendemos utilizar a fotografía como unha ferramenta para promover a reflexión e a creatividade sobre a temática da igualdade de xénero en relación ao mundo do traballo.

A implicación de toda a sociedade na procura da igualdade é a condición necesaria para que esta igualdade pase do plano do formal, das leis, ao plano do real, da vida cotiá.

Por eso animamos á participar nesta actividade, a todos as persoas amantes e afeccionadas á fotografía e nos esperamos que sexa un motivo para o encontro e a participación festiva na procura dunha sociedade máis xusta e igualitaria para todas e todos.

Por todo elo imos convocar a segunda Marathon fotográfica pola Igualdade da Concellería da Muller- Cim de Vilagarcía de Arousa que se desenvolverá o sábado 13 de marzo .

Participantes:

O único requisito é ser afeccionado/a á fotografía, polo que non poderán participar profesionais.

Temática:

A Igualdade de xénero en relación ao mundo do traballo. Este tema concretarase en catro propostas, que se irán entregando ao inicio da marathon e mais nos controis que se vaian efectuando.

Inscrición:

A inscrición realizarase perante a folla de solicitude, persoalmente na Concellería da Muller-Cim , ubicada na planta baixa da Casa do Concello, ou ben enviando por correo electrónico ao seguinte enderezo muller@vilagarcia.es a folla que estará dispoñible na

páxina web do Concello, www.vilagarcia.com. Tamén se poderá enviar por correo ordinario ou ao nº de Fax 986512226, ata a data mencionada.

O prazo de solicitude será ata o vindeiro 5 de marzo.

Cómo participar:

O xeito de participar será con cámaras dixitais, as fotos entregaranse en arquivo JPEG, modo de cor RGB, e tamaño mínimo de 20x30 cm, e resolución de 300 ppp .

Ao remate da Marathon se lle entregará a cada participante un soporte dixital onde gardarán as fotos a concurso para o que se lles facilitará o acceso a ordenadores. Logo disto, o soporte será introducido por cada un/unha dos/das participantes nun sobre pechado no que deberá figurar o número de identificación que se lles asignou ao comezo da Marathon.

Normas e desenvolvemento da Marathon:

Saída: Ás 10,30 horas do día 13 de marzo do Auditorio Municipal.

Neste intre elixiranse os catro temas obxecto das fotografías, entre varios sobres pechados con distintas propostas.

Na saída informarase dos temas obxecto das fotos ata o seguinte control. Nese momento entregaráselles ás/aos participantes o seu número de identificación que deben ter con eles/elas durante toda a Marathon.

Temas e controis: As persoas participantes terán que facer fotografías sobre as catro propostas elixidas, enmarcadas todas no tema da igualdade de xénero e o traballo das mulleres. Estes temas específicos serán entregados pola organización nos distintos controis.

Todas as fotografías deberanse de realizar nos límites xeográficos do concello de Vilagarcía de Arousa. As/os participantes terán que pasar os controis nos lugares e horas sinalados pola organización, quedando descalificadas/os aquelas/es que non pasen polos controis no horario definido.

Recollida das fotos e final da Marathon: As persoas participantes deberán acodir ao derradeiro control entre as 19,00 e 20,00 horas onde poderán proceder á descarga das fotos ao soporte dixital que lles será facilitado pola organización. Cada unha das catro fotos que se presenten terán que ir identificadas cun título. Soamente serán válidas as fotos realizadas durante a Marathon e que sexan entregadas nos soportes facilitados pola organización.

Premios:

Premio á mellor fotografía 400,00€

Premio á mellor foto 200,00 €.

Os premios contabilízanse con cargo á partida 464.481 da Concellería da Muller, correspondente ao orzamento municipal 2009-prorrogado.

Aos premios aplicaráselles a lexislación vixente respecto das retencións fiscais

Xurado:

Será o encargado de seleccionar e valorar as fotografías presentadas.

Estará composto por:

Presidenta: a Concelleira da Muller, Victoria Hierro Lorenzo

Vocais: catro persoas relacionadas co mundo da fotografía, da imaxe, medios de comunicación... e unha polo Consello Local da Muller.

Secretaria/o: persoal técnico con voz pero sen voto, encargada/o de levantar a acta da deliberación do premio.

A decisión do xurado será inapelable.

Entrega de premios e exposición:

O veredicto do xurado e maila entrega de premios terá lugar no Auditorio de Vilagarcía e será comunicado aos/as participantes coa antelación necesaria. Ese mesmo día inaugurarase unha exposición coas fotografías premiadas e mailas seleccionadas polo xurado polo seu interese e creatividade.

Normas da Marathon:

Poderán participar tódalas persoas previamente inscritas na Concellería segundo as normas destas bases. Deberán acreditar a súa identidade no control de saída da Marathon co seu DNI, ou documento oficial equivalente.

As obras presentadas á Marathon quedarán en propiedade do Concello de Vilagarcía. O/A autor/a das fotografías conservará a súa propiedade intelectual, aínda que cederán en exclusiva e irrevogablemente os dereitos de reprodución para a súa exposición, publicación ou calquera modalidade que o Concello considere oportuna relacionada cos obxectivos da marathon.

Serán descalificados/as aquelas persoas que non acudan aos controis no tramo horario determinado para cada un, así como aquelas que incumpran algunha das normas reflectidas nestas bases.



Durante o transcurso da Marathon haberá un comité organizador facultado para resolver as dúbidas ou circunstancias especiais que poderán xurdir, así como para a interpretación destas bases. A súa decisión terá carácter definitivo.

A participación nesta Marathon supón a plena aceptación destas bases.

Para consultar dúbidas ou aclaracións:

Tfno.- 986099200 ext. 102 e 109 – Concellería da Muller

Enderezo.- Concellería da Muller-CIM/ Praza de Ravella nº 1 Vilagarcía de Arousa

Horario.- 08,00-15,00

Correo electrónico.- muller@vilagarcia.es